



Actividades

1. Actividades relacionadas cos animais

1.1- Itinerario ambiental do río Miño

Descrición: Marcha a carón do río coa intención de visualizar os animais máis característicos do noso ecosistema.

A excursión comezará na Aula da Natureza de Oira que se atopa no paseo fluvial de Oira e rematará outra vez na mesma aula. Hai tres rutas posibles, unhas máis longas que outras. Escolleremos unha ou outra dependendo do tempo dispoñible e dos asistentes.

Nesta ruta observaremos a fauna típica do noso ecosistema como pode ser a pega, a gaivota chorona, o parrulo, a andoriña de cu branco, a garza real,... veremos o seu comportamento no seu hábitat: como se alimenta o animal e as súas crías, apareamentos...

Obxectivos: coñecer a vida existente no noso contorno a través da experiencia propia e dos sentidos, así como tamén coñecer a problemática do impacto da modernidade nos animais salvaxes.

Dirixido a: persoas de tódalas idades.

Temporalización e duración: durante todo o ano, cunha duración de hora e media salvo interese expreso dos participantes por aproveitar a visita ampliando actividades e contidos.(fines de semana)

Achegas da concellería: Persoal especializado, material didáctico

Colaboran: Turini Sport

Tramitación de solicitudes:

Teléfono: 988 388136/988510781/ **Fax:** 988 388159

Coordinador: Luis Herminio Amigo Estrada/ Stella Estrada

Correo: aulanatureza@ourense.es/ educa.programas4@ourense.es



1.2- Semana de adestramento de cans

Descrición: Conxunto de charlas impartidas por un adestrador de cans e por representantes da asociación protectora de animais, así como de un veterinario, un psicólogo e persoal do concello, nas que os participantes poderán vir acompañados das súas mascotas.

Tamén realizaremos unha saída á canceira municipal para ver como levan a cabo o seu labor e concienciar ós asistentes do número de cans abandonados ao longo do ano e nas condicións nas que viven.

Falarase dos erros máis comúns á hora de adestrar un can e as pautas que se deben de seguir para adestrarlos dependendo da raza.

Obxectivos:

- Aprender as nocións básicas para adestrar o teu can
- Algúns trucos para levar a cabo un adestramento positivo
- Coñecer algúns dos erros máis frecuentes de malos adestramentos
- Coñecer as novas leis de control de cans
- Concienciar sobre o abandono de cans
- Descubrir as características dos nosos cans
- Coñecer as principais enfermidades que poden ter
- Afondar na relación entre os donos e as súas mascotas

Dirixido a: Persoas de todas as idades que veñan acompañadas dos seus cans.

Temporalización e duración: Un fin de semana a finais de Maio con horario pola mañá e pola tarde.

Achegas da concellería: Persoal especializado

Tramitación de solicitudes:

Teléfono: 988 388136/988510781/ **Fax:** 988 388159

Coordinador: Luis Herminio Amigo Estrada/ Stella Estrada

Correo: aulanatureza@ourense.es/ educa.programas4@ourense.es



1.3- Semana do mel

Descrición: Charlas levadas por un apicultor profesional, traballos e actividades en grupo.

Obxectivos:

Coñecer as propiedades do mel, tanto nutricionais como terapéuticas: facilita a dixestión, laxante suave, propiedades sedantes...

Aprender os segredos da apicultura

O trato coas abellas, os coidados a levar a cabo

A construción de panais, etc.

Dirixido a: Persoas de todas as idades.

Temporalización e duración: Terceira semana de outubro, con horario pola mañá e pola tarde.

Achegas da concellería: Persoal especializado

Colaboran: Asociación Galega de Apicultura AGA –

Tramitación de solicitudes:

Teléfono: 988 388136/988510781/ **Fax:** 988 388159

Coordinador: Luis Herminio Amigo Estrada/ Stella Estrada

Correo: aulanatureza@ourense.es/ educa.programas4@ourense.es



1.4- Xornadas de pesca

Descrición: Conxunto de charlas na que se explicará a teoría, o material necesario, as distintas técnicas de pesca, os distintos cebos, ... para pasar logo a realizar as prácticas de pesca.

Obxectivos: Convertirse nun pescador responsable, respectando as medidas e concienciarse de que os peixes pequenos deben retornar ao río.

Dirixido a: Persoas de todas as idades.

Temporalización e duración: Primeiro fin de semana de marzo, con horario de mañá e de tarde.

Achegas da concellería: Persoal especializado

Colaboran: Federación Galega de Pesca, Consellería de Medio Rural

Tramitación de solicitudes:

Teléfono: 988 388136/988510781/ **Fax:** 988 388159

Coordinador: Luis Herminio Amigo Estrada/ Stella Estrada

Correo: aulanatureza@ourense.es/ educa.programas4@ourense.es



1.5- Coñece os teus paxaros

Descrición: Faremos a actividade en dúas sesións:

1ª SESIÓN: Pola mañá daranse unhas charlas na Aula sobre as distintas especies que habitan no noso ecosistema, vendo as súas características e o seu comportamento na natureza: como buscan alimento para eles e para as súas crías, as técnicas de voo, como constrúen o seu niño,...

2ª SESIÓN: Pola tarde faremos un percorrido polas beiras do Miño onde podemos avistar as distintas especies: a andoriña de cu branco, o corvo mariño real, a gaivota chorona, a gaivota patiamarela, a garza real, a lavandeira branca, o paporrubio, a pega...

Obxectivos: Preténdese que os participantes aprendan a diferenciar as nosas aves máis características, e sensibilizar os asistentes sobre as aves feridas por accidentes de tráfico, tendidos eléctricos, aeroxeradores, e outros aparatos de uso humano que prexudican as aves, etc., e os inconvenientes da extinción de numerosas aves que se están a producir a cotío.

Dirixido a: Persoas de todas as idades.

Temporalización e duración: Primeira semana de abril, con horario pola mañá e pola tarde.

Achegas da concellería: Material de apoio

Colaboran: Manuel Polo (anillador), Consellería de Medio Rural (Centro rehabilitación da Fauna silvestre do Rodicio), SEO (Sociedad Española de Ornitología)

Tramitación de solicitudes:

Teléfono: 988 388136/988510781/ **Fax:** 988 388159

Coordinador: Luis Herminio Amigo Estrada/ Stella Estrada

Correo: aulanatureza@ourense.es/ educa.programas4@ourense.es



1.6- Manipulación do coiro

Descrición: A realización de actividades lúdico-formativas axuda a ocupar o tempo de lecer adquirindo coñecementos e ferramentas que poidan axudar a previr, ou cando menos a minimizar os danos provocados por condutas de risco: aburrimiento, pautas alimentarias incorrectas, etc...

Consiste na elaboración de carteiras, pulseiras, colares e demais accesorios en coiro. Estes materiais repartiranse entre os destinatarios que participen no obradoiro. Esta actividade dividirase en varias sesións:

1º SESIÓN: Presentación e explicación do uso do material e do traballo a facer. Comezo do traballo a elección dos usuarios.

2ª SESIÓN: Traballo de manualidades.

3ª SESIÓN: Traballo de manualidades.

4ª SESIÓN: Traballo de manualidades.

5ª SESIÓN: Traballo de manualidades

Remate das manualidades.

Despedida e opinións persoais sobre o obradoiro.

Obxectivos:

Captar e traballar coa poboación de Ourense.

Promover as relacións sociais nun contorno socialmente non agresivo.

Realizar actividades de ocio que fomenten un uso positivo do tempo de lecer.

Adquirir coñecementos e habilidades que redunden no seu beneficio.

Dirixido a: Todas as persoas da cidade de Ourense

Temporalización e duración: Unha semana do mes de novembro en horario de mañá.

Colaboran: Esther Rúa, Artesana do Coiro

Tramitación de solicitudes:

Teléfono: 988 388136/988510781/ **Fax:** 988 388159

Coordinador: Luis Herminio Amigo Estrada/ Stella Estrada

Correo: aulanatureza@ourense.es/ educa.programas4@ourense.es